



DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DE CONCERTO SOCIAL

Código do procedemento: BS632F

Orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2024-2028. (DOG núm. 238, do 18 de decembro de 2023).

Expediente: BS632F-55/2023

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

Reunidos

Dunha parte, Begoña Abeijón Fernández, directora xeral de Persoas con Discapacidade, en virtude do artigo 18 da resolución da convocatoria, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, en virtude das competencias que lle confire o Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

E doutra, Juan Manuel Victoria Meizoso, con DNI 32568186W, actuando en calidade de representante legal da entidade: Asociación Nuestra Señora de Chamorro con CIF: G15028889, e domicilio no Camiño da Calzada, 16, Narón. A Coruña.

Nº de rexistro da Entidade Prestadora de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Xuventude: E-0053

Ambas as partes recoñécense competencias e capacidade legal suficientes, respectivamente, para subscribir o presente documento de formalización de concerto social cuxos antecedentes administrativos e cláusulas son as seguintes.



ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro. No Diario oficial de Galicia núm 238, do 18 de decembro de 2023 publicase a Orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2024-2028.

Segundo. A Consellería de Política Social e Xuventude acordou financiar o custo derivado da execución do presente concerto cun orzamento máximo de 313.265.865,31 € (IVE incluído) no período 2024 - 2028. Este importe será financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.312B.228.2 que figura na Lei 9/2023, de 29 de decembro de 2023, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e aplicación que corresponda para os anos 2025 a 2028.

Terceiro. Por Resolución do día 27 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade resolveuse a asignación á entidade Asociación Nuestra Señora de Chamorro do concerto social para a xestión dos seguinte servizos:

Código	Servizo	Tipoloxía	Nº prazas	Concello
020501	Servizo de atención diúrna terapéutica	Media Pensión 220 días	35	Narón
010110	Servizo de transporte adaptado e asistido	Transporte	35	
		Compensacións GI	9	
		Compensacións GI	3	
020504	Servizo de atención diúrna ocupacional	Media Pensión 220 días	97	
010110	Servizo de transporte adaptado e asistido	Transporte	97	
		Compensacións GI	25	
		Compensacións GI	8	



Cuarto. No Diario oficial de Galicia núm. 39, do 23 de febreiro de 2024, publícase a Resolución do 12 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, pola que se publica a Resolución do 27 de xaneiro de 2024, pola que se asigna o concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2024-2028.

Por todo o exposto, de acordo co Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e o artigo 18 da Orde do 14 de decembro de 2023, formalízase este concerto social mediante o presente acordo de concertación de servizos que quedará suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Definición dos servizos que constitúen o obxecto do concerto

A entidade Asociación Nuestra Señora de Chamorro comprométese a levar a cabo o servizo que a continuación se indica con estrita suxeición ao texto da Orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras do concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con discapacidade intelectual para o período 2024-2028, documento no que se determina e detalla o obxecto do concerto, que coñece e acepta plenamente, deixando constancia neste acto da súa conformidade co mesmo coa sinatura deste documento de formalización.

Código	Servizo	Tipoloxía	Nº prazas	Nome Centro	Concello
020501	Servizo de atención diúrna terapéutica	Media Pensión 220 días	35	Centro Asistencial Ntra Sra de Chamorro E-53-C-3	Narón
010110	Servizo de transporte adaptado e asistido	Transporte	35		
		Compensacións GI	9		
		Compensacións GI	3		
020504	Servizo de atención diúrna ocupacional	Media Pensión 220 días	97	Centro Ocupacional Ntra Sra de Chamorro E-53-C-4	Narón
010110	Servizo de transporte adaptado e asistido	Transporte	97		
		Compensacións GI	25		
		Compensacións GI	8		



As características técnicas do servizo que constitúe o obxecto do concerto social, están indicados no prego técnico que figura como anexo da mencionada orde

Estes servizos deberán cumprir cos seguintes rateos de persoal de atención directa, en función das prazas ocupadas en cada momento:

- A rateo mínima de persoal de atención directa no servizo de atención diúrna terapéutica que deben de cumprir as entidades adxudicatarias do concerto social é de 0,28. Dentro da rateo mínima, recoméndase para o persoal coidador unha rateo de 0,20 e para o persoal técnico de 0,08.
- A rateo mínima de persoal de atención directa no servizo de atención diúrna ocupacional e no servizo de atención diúrna ocupacional de media estadía que deben de cumprir as entidades adxudicatarias do concerto social é de 0,12. Dentro da rateo mínima, recoméndase para o persoal coidador unha rateo de 0,08 e para o persoal técnico de 0,04.

Os criterios de selección da entidade están indicados no artigo 13 da orde da convocatoria do concerto.

Segunda. Importes

A Consellería de Política Social e Xuventude para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste concerto social, compromete crédito para o período 2024-2028 por un importe 6.855.396,80 € (sen IVE), coas seguinte distribución por anualidades:

Anualidade 2024 (10 meses)		Anualidade 2025		Anualidade 2026		Anualidade 2027		Anualidade 2028 (2 meses)	
Orzamento	Achega Xunta	Orzamento	Achega Xunta	Orzamento	Achega Xunta	Orzamento	Achega Xunta	Orzamento	Achega Xunta
1.615.918,60	1.422.507,30	1.946.539,40	1.713.849,20	1.946.539,40	1.713.849,20	1.946.539,40	1.713.849,20	330.620,80	291.341,90

O importe total do orzamento inclúe a participación económica dos usuarios e da Administración estimándose esta última nun 87% no caso das prazas de atención diúrna e residencial e nun 90% nas prazas de transporte. No caso de medidas especiais de accesibilidade non se contempla participación económica dos usuarios, polo que o 100% do seu custo corresponde á Administración.



Sen prexuízo das compensacións asignadas, garantirase en cada liquidación o aboamento das compensacións que correspondan ao servizo efectivamente prestado.

O módulo económico para a reserva e ocupación de prazas por cada tipo de servizo será o seguinte:

Servizo	Prezo praza sen IVE	
Servizo de atención diúrna terapéutica	Media pensión (220 días)	1.305,00 €/mes
Servizo de atención diúrna ocupacional	Media pensión (220 días)	850,00 €/mes

No servizo de transporte, o módulo económico é o seguinte:

Servizo	Prezo praza/día sen IVE
Transporte	11,30 €

As compensacións polas medidas especiais de accesibilidade vinculadas ao transporte son as seguintes:

Perfil de mobilidade das persoas usuarias	Prezo praza/día sen IVE
Grupo 1	4,45 €
Grupo 2	19,67 €

O prezo aboarase pola Administración por mensualidades vencidas, para o cal a entidade adjudicataria presentará, dentro dos cinco días seguintes ao mes en que se realizou efectivamente a prestación, os documentos que figuran detallados no artigo 36 da orde da convocatoria.

As obrigas económicas para esta Administración, derivadas da prestación do servizo por parte da entidade concertante, terán efectos desde a data na que se inicien as actividades obxecto da concertación.

Terceira. Posibilidade de revisión de prezos ou módulos económicos

Os módulos económicos revisaranse conforme ao establecido no artigo 35 do texto da orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria do concerto.

Cuarta. Prazos totais e parciais de duración do concerto social, posibilidade de renovación, causas de modificación, revisión e extinción.



A vixencia deste concerto abrangue desde o día 01 de marzo de 2024 ata o día 29 de febreiro de 2028 con posibilidade de renovación ata o 28 de febreiro de 2034.

O concerto poderase modificar segundo o establecido no artigo 30 do texto da orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria do concerto.

Serán causas de resolución e extinción do concerto social as previstas no artigo 29 do texto da orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria do concerto.

Quinta. Medios, recursos materiais e humanos necesarios para garantir o cumprimento das condicións establecidas para o servizo obxecto do concerto social

Os medios, recursos materiais e humanos necesarios mínimos para garantir o cumprimento das condicións establecidas para o servizo obxecto do concerto social son os indicados artigo 3 da orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria do concerto.

Sexta. Garantía definitiva

Non se exige constitución de garantía ao tratarse da prestación de servizos sociais, ao abeiro do artigo 107 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público

Sétima. Obrigas da entidade concertada

As obrigas da entidade concertada sinálanse no artigo 22 da orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria do concerto.

Oitava. Condicións e limitacións da subcontratación e excepcións á prohibición de cesión do concerto social

As condicións para a subcontratación e cesión de servizos concertados están establecidas no artigo 26 da orde do 14 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras da convocatoria do concerto.



Novena. Confidencialidade e tratamento de datos

A entidade concertada estará obrigada ao cumprimento das normas sobre confidencialidade de datos e declara que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoais que se poida realizar no marco da prestación do servizo se fará de conformidade coas instrucións da Consellería de Política Social e Xuventude, e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo así mesmo de aplicación ao respecto a disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) e demais normativa concordante na materia. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade concertada e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que del se deriven. Todo iso, segundo as seguintes estipulacións:

1. Tratamento de datos persoais da entidade concertada por parte da Consellería de Política Social e Xuventude:

Os datos persoais que a entidade concertada facilite para a formalización e o adecuado desenvolvemento do concerto social, serán tratados, na súa condición de responsable, pola Consellería de Política Social e Xuventude. A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e conforme ao Decreto 229/2020, do 17 de decembro.

Os datos persoais proporcionados pola entidade concertada serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do concerto social e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de asignación do concerto social.

No caso de que a entidade concertada facilitase datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.



Os interesados poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos segundo se explicita na información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>.

Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): os interesados poderanse poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente segundo o especificado en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

2. Deber de confidencialidade da entidade concertada

A entidade concertada deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados ou que sexan elaborados con ocasión da execución do concerto social. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito do acordo de acción concertada e para as finalidades previstas na mesma;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do concerto social;
- a facilitar o acceso a información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información a que se lles da acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela a que a entidade concertada acceda en virtude do presente acordo, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

3. Condición de encargado do tratamento da entidade concertada:

A entidade concertada, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos obxecto da acción concertada, terá a consideración de encargado



do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do RXPB polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

3.1. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste concerto social. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

3.2. Tratar os datos de acordo coas instrucións da Consellería de Política Social e Xuventude responsable do tratamento. Se a entidade concertada, encargada do tratamento, considerase que algunha das instrucións infrinxe o RXPB ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente á dita Consellería.

3.3. Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXPB, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.

3.4. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa da Consellería de Política Social e Xuventude nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

No caso de subcontratación, autorízase o acceso aos datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 da LCSP. Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste acordo de concertación para esta figura e as instrucións que dite a Consellería de Política Social e Xuventude como responsable. A entidade concertada ou encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito as mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante a Consellería de Política Social e Xuventude no referente ao cumprimento das obrigacións.

3.5. Manter o deber de segredo respecto dos datos persoais aos que tivese acceso en virtude do presente acordo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

3.6. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informara convenientemente. O encargado manterá a disposición da



Consellería de Política Social e Xuventude a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaición.

3.7. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.

3.8. Asistir a Consellería de Política Social e Xuventude na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que esta poida cumprir coa súa obrigaición de responder as devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará a Consellería de Política Social e Xuventude, a requirimento desta, e a maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a este efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarálles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

3.9. No caso de que o obxecto do concerto social prevexa a recollida de datos directamente pola entidade concertada, esta facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato no que se facilitará a información débese acordar coa Consellería de Política Social e Xuventude e dará cumprimento en todo caso as esixencias previstas no RXPDP.

3.10. Notificar a Consellería de Política Social e Xuventude de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, a Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPDP.

3.11. Dar apoio a citada Consellería na realización das avaliacións de impacto relativas a protección de datos e na realización das consultas previas a autoridade de control, cando cumpra.

3.12. Implantar as previsións recollidas no Real decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.



- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.

3.13. Poñer a disposición da Consellería de Política Social e Xuventude toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen a Consellería de Política Social e Xuventude ou outro auditor autorizado.

3.14. Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXP, e comunicar a súa identidade e datos de contacto a Consellería.

3.15. Devolver a Consellería de Política Social e Xuventude , unha vez cumpridas as prestacións obxecto do presente acordo, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

Décima. Lexislación aplicable e cuestións litixiosas

O presente concerto rexerá polo disposto no Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento do réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, pola Orde do 14 de decembro de 2023, pola Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizo públicos e da boa administración, pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e nas demais disposicións complementarias.

As cuestións litixiosas derivadas da aplicación do réxime de concerto social serán resoltas polo órgano competente da Administración concertante, sen prexuízo de que, unha vez esgotada a vía administrativa, os acordos poidan ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os pronunciou, ou ser impugnados mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, así como no artigo 42 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro.





No caso de dúbidas ou lagoas, para o non previsto no Decreto 229/2020, do 17 de decembro, nin na Orde do 14 de decembro de 2023, para a execución desta acción concertada observaranse as regras e os principios da normativa de contratación pública que sexan compatibles con esta modalidade de xestión.

Pola Asociación Nuestra Señora de Chamorro

Pola Consellería de Política Social e Xuventude
da Xunta de Galicia

O representante legal

A directora xeral de Persoas con
Discapacidade

Juan Manuel Victoria Meizoso

Begoña Abeijón Fernández

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

